

COMPROMISO DA DIRECCIÓN

A empresa AITODETEC SL declara o seu compromiso co establecemento e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminar directa nin indirectamente por razón de sexo, así como co impulso e fomento de medidas para acadar a igualdade real no seo da nosa organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da nosa política corporativa e de recursos humanos, dacordo coa definición deste principio que establece a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

En todos e cada un dos ámbitos nos que se desenvolve a actividade desta empresa, dende a selección ata a promoción, pasando pola política salarial, a formación, as condicións de traballo e emprego, a saúde laboral, a ordenación do tempo de traballo e a conciliación, asumimos o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, atendendo de maneira especial á discriminación indirecta, entendendo por esta "a situación na que unha disposición, criterio ou práctica aparentemente neutros poñen a unha persoa dun sexo en desvantaxe particular con respecto ás persoas doutro sexo".

Os principios de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, asumidos pola empresa AITODETEC SL, concrétanse coa implantación do I Plan de Igualdade polo período 2025-2029, aprobado o 16 de xullo tras o correspondente proceso de negociación coa representación legal das persoas traballadoras. Este Plan de Igualdade constitúe a ferramenta fundamental para avanzar cara á igualdade real dentro da organización. Así mesmo, establécense mecanismos de seguimento e avaliación que permitirán medir o grao de avance e eficacia das accións desenvolvidas.

Deste modo, AITODETEC SL reafirma o seu compromiso coa igualdade como un valor esencial e permanente, avanzando cara á súa plena integración na cultura organizativa da empresa.

A Dirección da empresa,

 **aito DETEC**
~~AITODETEC, SL C.I.F.: B 36734184~~
~~P.I. As Gándaras, As Gándaras, 21~~
~~36478 P. PORRIÑO - Telf: +34 986 209 402~~